



CIRCULAR 98-2018. (Modificada o 28/12/2018)
**V CAMPIONATO DE GALICIA DE CLUBS DE PROBAS COMBINADAS
EN PISTA CUBERTA**

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza o **V Campionato de Galicia de Clubs de probas combinadas**, na pista cuberta de Expourense de Ourense.

Art.2) Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas das categorías Sub16, Sub18, Sub20, Sub23 e Senior que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2018/19) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertenzan a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados/as expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

Segundo acordo da Asamblea nos campionatos de probas combinadas só poden participar atletas que acrediten rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen, e dentro de eses rexistros exista unha proba de carreira, unha proba de salto e unha proba de lanzamento.

Art.3.) No Campionato de Galicia de Clubs de probas combinadas poderán participar todos aqueles equipos masculinos ou femininos que inscriban un mínimo de 3 atletas en cada sexo. Os/as atletas que non formen equipo poderán participar se están situados entre os 3 primeiros/as do ranking galego da tempada pasada 2017-2018. A puntuación farase, puntuando 3 atletas independentemente da súa categoría dende sub16 ata absolutos. Os clubs que non terminen con 3 atletas non puntuarán.

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 25 de decembro do 2018.**

Art.5) Haberá trofeos para os tres primeiros clubs masculinos e femininos clasificados.

Art.6) Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito, agás na pértega que poderán levalo nas costas. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal para a colocación do dorsal.

Art.7) O **horario definitivo** do Campionato é o seguinte:



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



SÁBADO 29/12/2018

HORA		PROBA	CATEGORÍA
10:00		60mv (0,762)	Grupo 1 Pentathlon Feminino Sub 16
10:15		3000m Masculino	
10:30		3000m Femenino	
10:30	Colchonetas A y B	Altura	Grupo 1 Pentathlon Feminino Sub 16
10:45		600m. Sub 16 Masculino	
10:50		600m. Sub 16 Femenino	
11:00		800 metros masculino	
11:15		800 metros femenino	
11:25		60mv (0,762 / 0,840)	Grupo 2 Pentathlon Feminino Sub18/Sub20/Sub23/Absoluto
11:45		200 metros Masculino	
11:53		200 metros Femenino	
12:10		Peso (3 kg)	Grupo 1 Pentathlon Feminino Sub 16
	Colchonetas A y B	Altura	Grupo 2 Pentathlon Feminino Sub18/Sub20/Sub23/Absoluto
13:20		Lonxitude	Grupo 1 Pentathlon Femenino Sub 16
		Peso (3 kg las U18 y 4 kg o resto)	Grupo 2 Pentathlon Femenino Sub18/Sub20/Sub23/Absoluto
14:30		Lonxitude	Grupo 2 Pentathlon Feminino Sub18/Sub20/Sub23/Absoluto
14:50		600m.l.	Grupo 1 Pentathlon Feminino Sub 16
15:50		600m.l.	Grupo 2 Pentathlon Feminino Sub18/Sub20/Sub23/Absoluto
16:00		60m.	Grupo 1 Hexathlon/heptathlon Masculino Sub16/Sub18
16:40		Lonxitude	Grupo 1 Hexathlon/heptathlon Masculino Sub16/Sub18
17:20		60m.	Grupo 2 heptathlon Masculino Sub20/Sub23/Absoluto
18:00		Peso (4 kg. los Sub 16 e 5 kg. os Sub 18)	Grupo 1 Hexathlon/heptathlon Masculino Sub16/Sub18
		Lonxitude	Grupo 2 heptathlon Masculino Sub20/Sub23/Absoluto
19:10	Colchonetas A y B	Altura	Grupo 1 Hexathlon/heptathlon Masculino Sub16/Sub18
19:30		Peso (6 kg. los Sub 20 e 7,260 el resto)	Grupo 2 heptathlon Masculino Sub20/Sub23/Absoluto
21:00	Colchonetas A y B	Altura	Grupo 2 heptathlon Masculino Sub20/Sub23/Absoluto



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



DOMINGO 30/12/2018		
10:00	60mv Absoluto (1,067)	
10:10	60v Sub 20 (0,99)	
10:15	60v Absoluto	Sub 18 (0,91)
10:45	Pértega	
	Altura Hombres	
	Lonxitude Mulleres	
11:00	60v	Sub 16 (0,91 na marca de mulleres)
11:45	1000m	Sub 16
12:00	Altura Mulleres	
	Lonxitude Hombres	
13:00	1000m	Sub 18/Sub20/Sub23/absoluto

*Dispoñeráse de dúas colchonetas de altura. Na altura distribuiranse as colchonetas segundo o nivel dos atletas nesa proba.

Cadencia dos listóns no salto de altura.

- Homes Grupo 1: A máis baixa solicitada de 6 en 6 cm. até 1,49 m. + 3 cm.
- Homes Grupo 2: A máis baixa solicitada de 6 en 6 cm. até 1,55 m. + 3 cm.
- Mulleres Grupo 1: A máis baixa solicitada de 6 en 6 cm. até 1,28 m. + 3 cm.
- Mulleres Grupo 2: A máis baixa solicitada de 6 en 6 cm. até 1,37 m. + 3 cm.

Cadencia dos listóns no salto de pértega

- **A máis baixa solicitada de 30 en 30 ata 2.30 +20cm ata 3m. +10cm.**

Art.8) A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, agás que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o/a atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, agás causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba onde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

Art.9) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da F.G.A, R.F.E.A e I.A.A.F.

A Coruña, 25 de decembro de 2018



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo